

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

7584 *Real decreto 684/2017, do 30 de xuño, polo que se declara a situación de seca prolongada na parte española da demarcación hidrográfica do Douro e se adoptan medidas excepcionais para a xestión dos recursos hídricos.*

A situación actual en que se encontran as reservas de auga na parte española da demarcación hidrográfica do Douro como consecuencia da falta de precipitacións determina que non se poidan cubrir de xeito adecuado as demandas coas reservas existentes nos sistemas de explotación da demarcación.

O inicio do ano hidrolóxico 2016/2017 foi extremadamente seco desde o punto de vista da meteoroloxía: así, a precipitación acumulada nos últimos seis meses do pasado ano -o semestre é a variable temporal que se utiliza na elaboración dos indicadores de seca da bacía do Douro- foi do 55% da media da serie histórica que alcanza 48 anos, con valores que oscilan entre o 42% da precipitación histórica na estación de La Virgen del Camino (León) e un 64% na estación de Matacán (Salamanca).

Por outra banda, as reservas existentes na data do 18 de maio 2017 son 984 hm³ menos ca os que había encorados nesa mesma data de 2016. Esta cifra de 984 hm³ representa un 34,20% da capacidade de regulación de que dispón actualmente a bacía hidrográfica do Douro e supón 26,2 puntos porcentuais por debaixo da media nos últimos dez anos.

De acordo cos indicadores do Plan especial de seca da bacía do Douro, ao finalizar maio de 2017 encontrábanse en situación de emerxencia os sistemas Manzanas-Támega, Esla-Valdearduey, Carrión, Pisuerga e Arlanza, o primeiro dos cales carece de encoros de regulación. Por outra parte, estaban afectados igualmente os restantes sistemas e encontrábanse en situación de alerta os sistemas Aliste-Tera, Cega-Eresma-Adaja, Alto Douro, Rianza-Duratón e Tormes. Só o sistema Águeda se encontraba en situación de prealerta.

A situación dos sistemas de explotación sería aínda peor de non ser polo bo estado de almacenamento en que se encontraban algúns dos encoros a principios de outubro do ano 2016.

Os citados indicadores do Plan especial de seca da bacía do Douro determinan ademais que, por cuarto mes consecutivo, a bacía se encontra en cómputo global en situación de alerta, o que debe determinar a declaración de seca prolongada na bacía do Douro.

O número total de masas de auga subterránea que presentan mal estado cuantitativo na bacía do Douro son Los Arenales, Medina del Campo, Tierra del Vino, Tordesillas, ás cales se engade o Páramo de Cuéllar e Salamanca, de acordo coa última revisión levada a cabo a finais de 2016. Todas elas se sitúan nos sistemas de explotación Rianza-Duratón, Cega-Eresma-Adaja, Baixo Douro e Tormes, en situación de alerta, así como en Carrión, en situación de emerxencia. O número total de masas de auga superficial moi modificadas debido á alteración hidrolóxica ou cuxo elemento de calidade alteración hidrolóxica dá unha valoración peor ca bo ascenden a 103 e sitúanse 101 nos sistemas de explotación en situación de emerxencia ou alerta. As medidas executadas dirixidas a reducir as presións por extracción, segundo o informe de seguimento do Plan hidrolóxico de 2016, foron 22, cun importe total de 45.742.713 €, dos 333.444.701 € previstos no Plan hidrolóxico para o horizonte 2016-2021.

A situación extraordinaria de seca exixiu a aprobación por parte do Goberno do Real decreto lei 10/2017, do 9 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os

efectos producidos pola seca en determinadas bacías hidrográficas, entre elas a do Douro, incluíndo para tal fin determinadas medidas económicas e fiscais.

A declaración de seca na parte española da demarcación hidrográfica do Douro realízase neste real decreto en cumprimento do disposto no artigo 27 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, tendo en consideración o estado dos sistemas de explotación da demarcación segundo o Sistema global de indicadores hidrolóxicos do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, que integra os indicadores de estado definidos no Plan especial de actuación en situación de alerta e eventual seca na bacía do Douro, aprobado pola Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, e modificado polo anexo 13.1 da memoria do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Douro, aprobado polo Real decreto 1/2016, do 8 de xaneiro.

Os plans especiais de seca significaron un cambio substancial na planificación e xestión destes fenómenos naturais e serviron de referencia metodolóxica para a declaración formal das situacións de seca en España. O plan especial de seca da bacía do Douro foi e é, por tanto, eficaz na detección de situacións de escaseza e permitiu activar con suficiente antelación a posta en marcha programada de actuacións de xestión encamiñadas á prevención e á mitigación dos seus impactos para minimizar a deterioración do dominio público hidráulico.

As situacións de seca hidrolóxica existente na bacía española do Douro obriga, por un lado, a adoptar medidas temporais que permitan un incremento da auga dispoñible ata que os niveis das reservas melloren e, por outro, a adoptar as medidas administrativas necesarias que permitan corrixir no posible esa situación mediante a limitación e restrición dos aproveitamentos de forma equitativa e solidaria entre todos os sectores afectados. Así mesmo, será necesario buscar un equilibrio entre os aproveitamentos e a protección das masas de auga e os ecosistemas dependentes e aplicar para iso as medidas correctoras que sexan necesarias.

Con ese fin, e sen prexuízo do exercicio das facultades previstas no artigo 55 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, o artigo 58 da dita norma faculta o Goberno para adoptar, mediante real decreto e en circunstancias de secas extraordinarias, como as que se dan actualmente na bacía española do Douro, as medidas que sexan precisas en relación coa utilización do dominio público hidráulico, aínda cando fose obxecto de concesión, para a superación de circunstancias de necesidade, urxencia, anómalas ou excepcionais.

De acordo con iso, este real decreto persegue dotar a Administración hidráulica dos instrumentos normativos que lle permitan ordenar e protexer os recursos hídricos na forma máis conveniente para o interese xeral.

Para iso, outórgaselles aos órganos reitores da Confederación Hidrográfica do Douro un elenco de facultades extraordinarias, entre as cales destacan, dunha banda, a autorización á Xunta de Goberno da Confederación Hidrográfica para modificar as condicións de utilización do dominio público hidráulico calquera que sexa o título legal que dese lugar a esa utilización e para establecer as reducións de subministración de auga que sexan precisas para a xusta e racional distribución dos recursos dispoñibles, limitando os dereitos concesionais a esas dotacións, así como a adaptación dos caudais ecolóxicos fixados na normativa do Plan hidrolóxico de bacía cando a súa aplicación poña en risco a garantía do abastecemento ás poboacións, e doutra, a habilitación á Presidencia da Confederación Hidrográfica para que impoña a execución daquelas actuacións que sexan necesarias para unha mellor xestión dos recursos hídricos ou as execute subsidiariamente, así como para executar obras de captación, transporte, adecuación de infraestruturas e de control da evolución das masas de auga subterránea.

Os procedementos vinculados á execución do real decreto decláranse de urxencia, ao abeiro do establecido no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, ao mesmo tempo, simplifícanse os trámites para modificar as condicións de utilización do dominio público hidráulico, elemento central para garantir a eficacia desta regulación excepcional e asegurar en todo caso a necesaria participación e audiencia dos interesados.

Refórzase o réxime sancionador no que atinxe ás infraccións cometidas en relación coas medidas excepcionais incluídas no real decreto, para dotar os órganos competentes de facultades acordes coa gravidade da situación, en beneficio do interese público.

Por outra parte, e tendo en consideración as baixas reservas hídricas existentes na maioría dos sistemas de explotación do ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Douro, para que todas estas medidas poidan ser realmente eficaces, o período de aplicación deste real decreto estenderase desde a súa entrada en vigor ata a finalización do próximo ano hidrolóxico o 30 de setembro de 2018, sen prexuízo da suspensión das medidas que supoñan unha restrición dos dereitos dos usuarios ou do réxime de caudais ecolóxicos cando concorran novas circunstancias das cales se deduza a superación da situación de seca extraordinaria.

Na elaboración deste real decreto foi oída a Confederación Hidrográfica do Douro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xuño de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito territorial.

Este real decreto ten por obxecto declarar a situación de seca na parte española da demarcación hidrográfica do Douro e establecer as medidas administrativas excepcionais para xestionar os recursos hidráulicos que permitan paliar os efectos da seca.

Artigo 2. Atribucións da Xunta de Goberno e da Presidencia da Confederación Hidrográfica do Douro.

1. A Xunta de Goberno constituirá unha comisión permanente, presidida polo presidente da Confederación Hidrográfica e da cal formarán parte o comisario de Augas; o director técnico; o xefe da Oficina de Planificación Hidrolóxica; un representante de cada un dos ministerios de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente; de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital; e de Economía, Industria e Competitividade; un representante de cada comunidade autónoma con territorio na demarcación hidrográfica e un representante por cada un dos seguintes grupos de usuarios: abastecemento, aproveitamentos enerxéticos e regadío.

Os representantes serán designados entre aqueles que integran cada grupo dentro da Xunta de Goberno, por proposta da maioría dos integrantes de cada un dos grupos. O presidente da Confederación Hidrográfica nomeará o secretario da Comisión entre os seus membros.

Asistirán á Comisión Permanente, con voz pero sen voto, un representante do operador do sistema eléctrico Red Eléctrica de España, S.A., que será designado por esta. Tamén asistirán á Comisión Permanente, con voz e sen voto, un representante das asociacións e organizacións de defensa de intereses ambientais, un das organizacións sindicais, un das organizacións empresariais máis representativas e un das entidades locais cuxo territorio coincida total ou parcialmente co da demarcación hidrográfica. Todos eles serán designados polo presidente da Confederación Hidrográfica, de entre aqueles que, en representación dos mesmos grupos de entidades ou organizacións, compoñen a Comisión de Planificación Hidrolóxica e Participación Cidadá, de conformidade co artigo 7 do Real decreto 1364/2011, do 7 de outubro, polo que se establece a composición, estrutura e funcionamento do Consello da Auga da demarcación da parte española da demarcación hidrográfica do Douro. Os grupos mencionados que na Comisión de Planificación tivesen máis dun representante deberán formular proposta dun candidato que será designado polo presidente. Se a falta de acordo na proposta dalgún dos grupos impide a súa designación por parte do presidente, esta circunstancia non afectará a válida constitución da Comisión Permanente da Xunta de Goberno.

2. Correspóndelle á Comisión Permanente:

a) Modificar temporalmente as condicións de utilización do dominio público hidráulico calquera que sexa o título habilitante que dese dereito a esa utilización e, en particular:

1.º Reducir as dotacións na subministración de auga que sexan precisas para racionalizar a xestión e o aproveitamento dos recursos hídricos.

2.º Modificar os criterios de prioridade para asignar recursos aos distintos usos da auga, respectando en todo caso a supremacía do uso consignado no artigo 60.3.1.º de texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo (TRLA).

3.º Acordar, mentres se manteña a situación excepcional de seca, a suspensión preventiva do outorgamento de concesións, revisións ou modificacións que supoñan un incremento no uso consuntivo da auga.

4.º Impor a substitución da totalidade ou de parte dos caudais concesionais por outros de distinta orixe e de calidade adecuada para o uso a que está destinado, para racionalizar o aproveitamento do recurso e dar cumprimento ao réxime de caudais ecolóxicos establecido no Plan hidrolóxico.

5.º Modificar as condicións fixadas nas autorizacións de vertedura, para protexer a saúde pública, o estado dos recursos e o medio hídrico e o dos sistemas terrestres asociados.

6.º Adaptar o réxime de explotación dos aproveitamentos hidroeléctricos ás necesidades, co fin de compatibilizalos con outros usos.

7.º Autorizar os volumes de contratos de cesión de dereitos de conformidade co sinalado na disposición adicional segunda do Real decreto lei 10/2017, do 9 de xuño.

As concesións que se concedan durante a vixencia deste real decreto incorporarán implicitamente ás súas condicións as mesmas limitacións temporais nas condicións de utilización do dominio público hidráulico que, en aplicación desta letra a), estivesen vixentes para concesións de similar natureza. Na notificación da concesión ao interesado farase referencia ao disposto neste real decreto e, en particular, ao sinalado no seu artigo 2.

b) Conforme establece o artigo 18.4 do Regulamento de planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, durante a vixencia do presente real decreto manterase o réxime de caudais ecolóxicos para as zonas incluídas na Rede Natura 2000 e nas zonas húmidas de importancia Internacional do Convenio de Ramsar.

Cando o mantemento do réxime de caudais ecolóxicos establecido non permita garantir o abastecemento á poboación, aplicarase para isto a regra sobre supremacía de uso para o abastecemento que establece o artigo 59.7 en relación co artigo 60.3 do texto refundido da Lei de augas. Para tal efecto, o organismo de bacía xustificará razoadamente a falta de recursos ou a ausencia de infraestruturas que puidesen aproveitalos.

3. A Presidencia da Confederación Hidrográfica do Douro queda facultada para:

a) Adoptar cantas medidas sexan precisas para o eficaz cumprimento dos acordos adoptados pola Comisión Permanente.

b) Imporlles aos titulares de dereitos a execución daquelas obras de control ou de medida de caudais que sexan necesarias para unha mellor xestión dos recursos ou acordar subsidiariamente a súa realización.

c) Igualmente, poderá executar obras de captación, transporte ou adecuación de infraestruturas e de control da evolución das masas de auga subterránea. Se as obras descritas corresponden ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente por ser de interese xeral do Estado ou en razón da súa contía, o presidente do organismo de bacía poderalle solicitar ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente que considere a súa execución.

Artigo 3. Tramitación dos procedementos afectados pola aplicación das medidas excepcionais.

1. A tramitación dos procedementos afectados pola aplicación das medidas excepcionais previstas neste real decreto terá carácter de urxencia, de conformidade co previsto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Na súa virtude, todos os prazos previstos nos citados procedementos quedarán reducidos á metade, salvo os relativos á presentación de recursos.

2. A tramitación dos procedementos de modificación nas condicións de utilización do dominio público hidráulico efectuarase da seguinte maneira:

a) O procedemento iniciarao de oficio o órgano competente, o que se lles notificará aos interesados.

b) O informe e a elaboración da proposta de modificación realizaraos a Comisaría de Augas e deberá emitir informe a Oficina de Planificación Hidrolóxica.

c) A audiencia aos interesados reducirase ao prazo de cinco días.

d) A aprobación da proposta corresponderalle á Comisión Permanente e a resolución debe ser motivada.

e) A Presidencia da Confederación Hidrográfica adoptará as medidas precisas para facer efectiva a resolución de modificación das condicións de utilización do dominio público hidráulico.

3. A resolución adoptada, de acordo co punto anterior, determinará a modificación das condicións de utilización do dominio público hidráulico mentres se mantexa vixente este real decreto ou non sexa revogada expresamente. Tal revogación deberase realizar cando se aprecie que as circunstancias que motivaron a declaración de seca desapareceron.

Artigo 4. Posta en servizo e execución de sondaxes.

1. A Presidencia da Confederación Hidrográfica queda facultada para autorizar a posta en marcha, por conta propia ou allea, de calquera sondaxe, conte esta con instalación elevadora ou non, que permita a achega provisional de novos recursos.

Esta facultade inclúe a posta en servizo de sondaxes existentes ou a execución doutras novas na medida en que sexan imprescindibles para obter os caudais suficientes con que satisfacer as demandas máis urxentes e para achegar recursos para o mantemento do réxime de caudais ecolóxicos nos ríos e nas zonas húmidas fixado na normativa do Plan hidrolóxico.

A súa explotación non suporá unha mingua na calidade actual das augas circulantes polos leitos que as faga inadecuadas para os usos a que se destinan e deixarán de utilizarse cando desaparezan as condicións de escaseza e, en todo caso, na finalización do prazo de vixencia do real decreto; en ningún caso xerarán novos dereitos concesionais.

As extraccións desde estas sondaxes efectuaranse de maneira que non comprometan os fins nin o logro dos obxectivos ambientais fixados no Plan hidrolóxico da demarcación.

2. Os eventuais custos das sondaxes serán financiados con cargo aos créditos ordinarios da Confederación Hidrográfica, que trasladará o seu custo aos beneficiarios das obras nos termos do artigo 114.2 do TRLA.

Artigo 5. Réxime sancionador.

1. O incumprimento por parte dos usuarios das medidas de redución das dotacións na subministración de auga que se adopten en aplicación do artigo 2.2.a) deste real decreto entenderase que constitúe unha infracción administrativa incluída no tipo definido no artigo 116.3.c) do TRLA, e a sanción que corresponda valorarase en atención á súa especial repercusión na orde e no aproveitamento do dominio público hidráulico.

2. A derivación de auga dos seus leitos e o nacemento de augas subterráneas sen a correspondente concesión ou autorización, cando sexa precisa, constitúe unha infracción administrativa do artigo 116.3.b) do TRLA, e a sanción que corresponda, durante o período de aplicación deste real decreto, valorarase en atención á súa especial repercusión na orde e no aproveitamento do dominio público hidráulico.

3. Igualmente, a determinación da sanción que corresponda polo incumprimento das restantes medidas adoptadas pola Comisión Permanente ou polo presidente en prol de garantir a finalidade do presente real decreto valorarase en atención á súa especial repercusión na orde e no aproveitamento do dominio público hidráulico.

Artigo 6. *Relacións coas delegacións do Goberno.*

A Presidencia da Confederación Hidrográfica comunicarlles aos delegados do Goberno nas comunidades autónomas afectadas por este real decreto as actuacións que se deban realizar co fin de conseguir o cumprimento das medidas contidas nel.

Disposición adicional primeira. *Gasto público.*

1. A creación e o funcionamento da Comisión Permanente de Seca serán atendidos cos recursos asignados aos órganos administrativos e organismos públicos nela representados; por tanto, non suporán incremento ningún do gasto público.

2. As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional segunda. *Subordinación das medidas que se poidan adoptar ao Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica do Douro.*

O disposto nos artigos 2.2 a 4 deste real decreto entenderase sen menoscabo das medidas previstas no anexo 13.1 da memoria do Plan hidrolóxico da parte española da demarcación hidrográfica do Douro, aprobado polo Real decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, que modifica o Plan especial de alerta e eventual seca da bacía do Douro en situacións de seca prolongada, que debe ser aplicado na súa totalidade, salvo que se motive adecuadamente a súa insuficiencia ou a imposibilidade de acometelas con carácter urxente.

En todo caso, comunicáraselle á Secretaría Técnica Española da Comisión para a Aplicación e Desenvolvemento do Convenio de Albufeira a evolución da situación na bacía de cara ao cumprimento do réxime de caudais, así como a adopción daquelas medidas que pola súa importancia teñan un efecto sensible sobre o dito réxime de caudais.

Disposición adicional terceira. *Designación da seca como fenómeno climático adverso para os efectos do Regulamento (UE) n.º 702/2014, da Comisión, do 25 de xuño de 2014.*

Esta situación de seca prolongada na parte española da demarcación hidrográfica do Douro terá a consideración de fenómeno climático adverso asimilable a un desastre natural, conforme a definición do artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 702/2014 da Comisión, do 25 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.22.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Facúltase o titular do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Vixencia temporal.*

Este real decreto terá vixencia ata o 30 de setembro de 2018.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de xuño de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca,
Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA